

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena / LAMA LÓPEZ, María Xesús (ed.) (2007): *Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península. Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Sada: Edición do Castro, 115 p.

A visibilidade dunha lingua é fundamental para que esta adquira prestixio social; por iso todas as iniciativas que contribúan a situar idiomas minorizados en escenarios de máxima relevancia reforzan a visión positiva por parte dos falantes, propios e alleos. A visibilidade interior é vital para a comunidade lingüística, pero non o é menos o eco dunha presenza no exterior que sitúa a lingua nun universo de recoñecemento e nun mundo de posibilidades. O traballo realizado no estranxeiro por moitas persoas relacionadas co ámbito académico na difusión do idioma galego é unha desas manifestacións que permiten situar a lingua máis alá das fronteiras físicas nas que se fala e, ademais, dotala de prestixio e de referencias nos lugares máis distantes. A importancia dos centros de estudo galegos e dos lectorados espallados por todo o mundo permiten esa visualización, pero antes da súa creación moitas persoas sen un respaldo institucional teimaron e turraron por levar a cabo actividades nas que a lingua e a cultura galegas estivesen presentes. Ao abeiro destes esforzos, individuais e colectivos, nace en 1982 a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). Dende 1985 realizáronse encontros de estudosos da lingua galega e doutros aspectos vinculados con Galicia dentro do plano académico, unha dinámica que se segue mantendo na actualidade. Se os tres primeiros congresos se realizaron nos EE.UU., posteriormente trasladáronse ao Reino Unido e despois fóra do contexto anglófono a Alemaña, Cuba, Cataluña, Brasil e en 2009 tivo lugar en Galicia un encontro interuniversitario en Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña.

Conscientes da importancia de promover os estudos galegos a nivel internacional, de facilitar o intercambio entre as persoas que dende diferentes disciplinas se dedican á realidade galega e co obxectivo claro de fomentar a presenza da cultura galega no mundo dende o ámbito académico e en boa medida para el, esta asociación celebra de maneira trienal un congreso do que edita as súas actas. A última en ver a luz corresponde ao VII Congreso Internacional de Estudos Galegos celebrados na Universitat de Barcelona do 28 ao 31 de maio de 2003. O libro inclúe ademais un CD no que se recollen as numerosas comunicacións do congreso.

O volume das actas inaugúrase cun prólogo de Basilio Losada, presidente do encontro, no que expón os principios fundacionais desta asociación e dá a benvinda aos representantes de cincuenta universidades espalladas por todo o mundo nas que a presenza do galego é unha realidade. Non esquece o destacable feito de que o congreso chegue á Península Ibérica por vez primeira dende a súa celebración e de que sexa Cataluña, con peculiaridades similares a Galicia, a que acolla no seu seo este encontro. As concomitancias entre Galicia e Cataluña son fundamentalmente as de posuír unha lingua e unha cultura de seu dentro dun mesmo Estado no que outra lingua exerce a hexemonía, pero as realidades son ben diferentes aínda que o autor non considere oportuno profundar nelas. A escolla estivo motivada por ser Barcelona a cidade onde se atopa a única universidade do Estado, fóra das galegas, na que se pode cursar a licenciatura en Filoloxía Galega.

Dous son os grandes aspectos estudados nas conferencias e nas comunicacións: «Galicia e outros pobos da Península» e «Mulleres en Galicia». Engádesse ademais no volume de actas unha mesa redonda de catro participantes en «Homenaxe a Xoán González Millán» con motivo do seu inesperado e prematuro falecemento. Todas as participacións estiveron precedidas pola conferencia inaugural que baixo o título «A muller na literatura Hispánica Medieval: ¿Protagonista ou autora?» impartiu o profesor Giuseppe Tavani, da Università di Roma-La Sapienza. Achégase ao papel da muller nas obras literarias da Idade Media e conclúe que cando menos ata a metade do s. xv non houbo autoras na literatura hispánica. Nas cantigas de amor, por exemplo, atopa unha protagonista «in absentia», é dicir, a presenza dunha muller, pero que non entra en acción e só se coñece por referencias vagas. Nas cantigas de amigo establécese un xogo no que a voz é feminina, pero responde a unha transfiguración literaria. Na comparanza coas demais literaturas hispánicas os resultados son semellantes, en xeral as mulleres tiveron un papel protagonista, en moi diferentes grados, pero non foron produtoras de literatura ata ben andado o s. xv.

Victor F. Freixanes, profesor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), inicia o primeiro bloque de conferencias que se encadran no epígrafe «Galicia e outros pobos da Península». No volume impreso acompañanse tres intervencións a maiores da de V. Freixanes que realiza en «Literatura galega e identidade nacional. Unha reflexión sobre a convivencia das literaturas en España» unha incursión superficial ao comportamento diferente dos sistemas literarios peninsulares. Sérvese dunha anécdota para reflectir que dende vello as literaturas peninsulares fixeron máis fincapé nos puntos de desacordo que nos de unión. Entende que se debe crear a necesidade de que as diferenzas non só nos distinguan, senón que nos enriquezan e poidamos aprender delas. Por outra banda a literatura galega ten a eiva de non contar cunha imaxe do país que a posúe que esperte interese; aí está a diferenza fundamental entre Cataluña e Galicia, pero non é a única. O autor vai deixando fíos soltos no complexo nobelo que conforman os sistemas literarios para tirar deles no futuro, para reflexionar e para debuxar un novo espazo no que presentarnos ante o mundo. Para iso son necesarias canles institucionais que dean amparo, vontade política e poder para permitir aos galegos estar no mundo tal e como son.

Por outra banda, Xosé Ramón Barreiro Fernández, catedrático da USC, presenta no seu artigo «Galicia e Castela: Orixes, evolución e fracaso do mito anticastelán» todas as claves do «mito de erudición» creado no século XIX e fanado despois da guerra civil. É Rosalía de Castro en *Cantares Gallegos* (1863) a primeira que introduce a temática de denuncia contra a opresión castelá. Con anterioridade eran os galegos os que quedaron vexados nas páxinas das grandes plumas españolas, pero sen retroso ás difamacións. Fai observar ao lector que a poetisa non necesariamente retrata unha realidade, un documento histórico, máis ben axuda a asentar literariamente o mito que Manuel Murguía elabora conscientemente como alicerce do seu ideario galeguista. Para el a diferencialidade residía na raza, no territorio, na lingua, na historia, nos usos e costumes e na conciencia dun nós fronte a un outros. As reformulacións afinaríanse coas Irmandades da Fala e posteriormente con Risco e Castelao fundamentalmente. Laméntase da pouca permeabilidade destas ideas na sociedade que, como ocorre en moitas ocasións, están á marxe das bases intelectuais.

Outro historiador da USC, Ramón Villares, titula a súa conferencia «Galicia nas relacións ibéricas», nela reivindica a figura de Castelao como o autor galego cun discurso máis prolongado sobre a construción dunha nova visión de España pensada dende Galicia. Desenvolveuno fundamentalmente no exilio, pero forxouno durante a república. A súa idea era a revisión do discurso centralista por outro no que tivesen peso as pluralidades lingüísticas e culturais, no que as diferenzas fosen asumidas, respectadas e recoñecidas. Para o historiador mudaron os problemas, as circunstancias, as características, pero segue sendo necesaria unha revisión do pensamento español dende outros puntos como Galicia.

Pechou a primeira mesa redonda Enric Ucelay-Da Cal, da Universitat Autònoma de Barcelona Cal, que falou de «Galicia y los otros pueblos de la Península Ibérica». O autor fai unha achega crítica ás relacións mantidas secularmente entre as diversas culturas peninsulares que posúen idiomas de seu. Ao seu ver nunca foron capaces de tender pontes entre elas máis alá da queixa contra o castelán. Acusa aos nacionalismos do fracaso perenne destas comunicacións que se manteñen dende o aspecto máis superficial, a negación que reciben do Estado. É certo que as demandas son diversas porque tamén o son as realidades en si mesmas

A visibilidade dunha lingua é fundamental para que esta adquira prestixio social; polo mesmo, sempre se uniron na suma de agravios sen ser capaces de crear un discurso homoxéneo e poderoso. Os intentos de entendemento coa creación de puntos de encontro, de foros, de unións políticas caeron en campo baldío e non deitaron semente.

A seguinte mesa redonda que aparece no volume das actas realízase como «Homenaxe a Xoán González Millán». Participa nela a profesora da Universidade de Vigo Camiño Noia, que centra a súa intervención en «Xan González Millán, creador e director do Anuario de Estudos Literarios Galegos». Do homenaxeado destaca, por unha banda, a súa calidade humana froito da relación persoal que mantiveron e, por outra, o seu compromiso profesional e intelectual con Galicia do que salienta especialmente o *Anuario de Estudos Galegos*, que naceu en 1992 baixo a súa dirección e a de Dolores Vilavedra. Considérao unha achega valiosa e pouco recoñecida que é referencia dos estudos de literatura galega e que conseguiu espallar polas máis diversas universidades do mundo.

A traxectoria de investigador ao longo de vinte e cinco anos foi debullada no congreso por Arturo Casas, profesor da USC, no artigo «Xoán González-Millán: Itinerarios teóricos». Sitúao próximo ao pensamento de Jürgen Habermas, autor do que lle interesou especialmente o concepto de «espazo público» que aplicou a casos como o galego, dun nacionalismo subalterno, como pode lerse no libro *Resistencia cultural* publicado no 2000. Establece os piares nos que sustentou a súa actividade intelectual que fundamentalmente foron a cuestión nacional en termos xerais e temas derivados como a problemática do canon, o nacionalismo literario, a hexemonía sociocultural, a emerxencia da cultura e dun espazo público. Sempre é difícil desfacerse da realidade e por iso na súa obra observa a pexa do sometemento nos seus posicionamentos á experiencia directa, ao resultado, ao que se sabe de antemán.

A homenaxe dentro deste congreso vén motivada, entre outras razóns, por ser «Xoán González-Millán, terceiro presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos», como lembra Helena González Fernández, da Universitat de Barcelona. Presenta unha breve achega a este labor que desempeñou no trienio 1991-1994 e pon de relevo os tres vimbios fundamentais cos que intentou construír un mundo: literatura, sociedade e nación.

Para rematar Víctor Fuentes, da University of California, Santa Bárbara, presenta unha sucinta achega na que destaca a «Xoán González-Millán y el nuevo hispanismo plural». Simplemente quere dar a coñecer o derradeiro traballo do homenaxeado, «As imaxes emerxentes dunha cultura pública galega: dificultades e desafíos», que se publicou postumamente na revista *Letras Peninsulares*, editada polo relator. Todos os participantes nesta mesa redonda coinciden na reflexión profunda do homenaxeado sobre a situación galega, a exploración consciente e a creación de novos discursos. A isto hai que engadir que cumpriu a misión que tamén ten o congreso da AIEG, a de levar o galego ás máis diversas universidades do mundo.

Para rematar o volume de actas catro mulleres integran a mesa redonda ao redor do complexo tema «Mulleres en Galicia». A primeira en abrir a quenda de intervencións foi Pilar Cagiao Vila, da USC, que desenvolveu o tema «A muller galega na emigración a Cuba e Arxentina (1870-1930)». Non resulta estraño que a historiografía clásica obviase o papel da muller na emigración porque, en xeral, os estudos esqueceron secularmente a realidade feminina. Sinala as concomitancias, pero fai fincapé nas diferenzas coa emigración masculina, que radican especialmente no seu destino laboral. As mulleres dedicábanse á elaboración de produtos de consumo alimenticio e de vestimenta, pero tamén traballaban no servizo doméstico, como costureiras, lavandeiras ou cociñeiras. Desvela un dos perigos que ameazaba a súa chegada, a súa captación para exercer a prostitución. A vida da muller seguía sendo dura na emigración porque continuaba sometida a unha sociedade dominada polo outro xénero e nin tan sequera tiña garantida a asistencia médica a principios de século.

Dentro do feminismo, Beatriz Suárez Briones, da Universidade de Vigo, reclama un lugar para a crítica lesbiana que sempre se pretendeu agochar. Ela reivindicao no propio título da conferencia: «Diso non se fala: a crítica lesbiana en Galicia». Nunha sociedade claramente patriarcal na que a educación vai encamiñada a distinguir dous tipos de persoas establécense postulados, símbolos que reforzan esa realidade, e quedan fóra do circuíto os grupos culturais minoritarios. A linguaxe escura e codificada que utilizou a escrita lesbiana foi un modo de autocensura, de protección incluso ante a crítica feminista. Entende que a débeda debe ser saldada botando luz sobre esa escrita críptica da que debe preocuparse a crítica lesbiana. O certo é que ela mesma apaga esa luz cando non dá nomes, nin pon rostro ás escritoras lesbianas en Galicia o que nos di quedan moitas luces que acender e moito camiño que alumear.

A análise de María Ruido, da Universitat de Barcelona, enfócase sobre as «Mulleres na arte galega: unha normalidade gris». Achégase sucintamente ao panorama artístico galego actual no que observa unha visión pesimista, afastada das tendencias en auxe, anquilosado no expresionismo e nos monumentos de gran volume que se erguen polo país adiante. Seguimos vivindo ás costas das achegas de xénero tamén no eido artístico con moi poucas excepcións.

Por último, Margarita Ledo Andión, da USC, titula a «DDT, é dicir, sobre a diferenza, a diversidade e máis a tele». Avoga porque as institucións públicas fomenten e protexan o galego no sector audiovisual e adiquiran o mesmo compromiso todos os entes do sector. Aposta por un marco transfontei-

rizo no que circulen os produtos e no que a lingua non sexa unha pexa, só unha vantaxe. Por iso considera que no marco da lusofonía se poden establecer contactos e intercambios tendo como base linguas que proceden dun mesmo tronco común. Considera que é necesaria a crítica construtiva que non oculte as feridas, máis ben que as intente curar; para iso hai que producir máis en galego e con maior visibilidade en circuítos foráneos, carrexar un maior número de espectadores e intentar revertir a precaria tendencia actual. Botamos en falta neste artigo o papel que cumpre a muller neste sector, tendo en conta o título da mesa redonda.

O libro engade un CD no que se inclúen as comunicacións que tiveron lugar dentro do congreso. Divídense en tres apartados, dous deles coincidentes cos xa tratados, «Mulleres en Galicia» e «Galicia e outros pobos da Península», e un novo, «Miscelánea». No primeiro teñen cabida corenta e cinco comunicacións que tratan os máis diversos temas, especialmente a literatura a través das achegas ás novas narradoras galegas como Inma López Silva e Rosa Aneiros ou a poetisas como Pilar Pallarés. Non só está presente a muller como autora; tamén como protagonista do teatro galego, da literatura popular ou mesmo da obra de Sarmiento ou de Xosé Luís Méndez Ferrín. Sen dúbida, nun congreso sobre mulleres galegas non podía faltar o estudo da figura de Rosalía de Castro; non por casualidade o sistema literario galego é dos poucos que ten como máximo expoñente literario unha muller.

A segunda gran temática tratada no congreso, «Galicia e outros pobos da Península», contou con corenta e oito comunicacións nas que se comparan diferentes aspectos e, fundamentalmente, realidades. É recorrente a comparación Cataluña-Galicia en niveis como o modelo de ensino e aspectos de aplicacións das políticas lingüísticas, pero tamén se establecen estudos a nivel lingüístico, en concreto a nivel verbal. O binomio Galicia-Portugal tamén se somete a estudo dende eidos diversos, incluso para saber se manteñen unha relación de cooperación ou de confrontación, pero máis alá diso trátanse puntos máis asépticos como o estudo acústico das vogais finais ou a tradución por parte de Curros de seis sonetos de Antero de Quental. En realidade hai diversos temas que se estudan dende o iberismo; por exemplo, as traducións de obras como *Os vellos non deben de namorarse*, a recepción da prensa infantil e xuvenil e en xeral todo un proxecto de entendemento, de tolerancia e de coñecemento do nós e dos outros. Finalmente en «Miscelánea» recóllense seis comunicacións que non se axustaban aos epígrafes anteriores. Algunhas tratan aspectos relacionados coas *Cantigas de Santa María*, co dereito civil de Galicia ou con adverbios modais en galego medieval.

A inxente cantidade de comunicacións achégannos a aspectos moi interesantes da realidade galega, aínda que ás veces botamos en falta que non rompan a tona e profunden máis nos temas; ao lector quédalle o mel nos beizos e gustaríalle poder tirar dos fíos que tecen o complexo enguedello que supón calquera sociedade. De todas maneiras as achegas, por unha banda, a relación coas culturas e as linguas veciñas e, por outra, o papel da muller que foi a pedra angular na que se sustentou este pobo, son moi relevantes. A única pexa é que hai un claro dominio dos estudos literarios, que representan a metade das intervencións, polo que queda un pouco nescgado un congreso que avoga pola transdisciplinariedade. Sería desexable o tratamento dos grandes temas propostos dende os eidos da tecnoloxía, da política, da medicina, de disciplinas que secularmente estiveron máis afastadas do galego, pero que non poden seguir á marxe. No congreso potenciouse a literatura e fixéronse calas interesantes en lingüística, en tradución, en comunicación, en arte, en historia, en xeografía e en estudos migratorios, en filosofía, en antropoloxía e en dereito e ciencias económicas, pero fóra das ciencias sociais e das humanidades os estudos galegos non están representados. Pensamos que xa é o momento de dar un paso á fronte e procurar novos retos que aspiren á consecución dunha idea tan manida polos participantes do congreso: a creación dunha Galicia moderna, en consonancia co mundo, unha Galicia que se presente ao futuro sen prexuízos nin eivas, cunha lingua normalizada en todos os ámbitos.

Por outra banda, tamén se botan en falta investigadores doutras realidades que realizan estudos galegos noutros países. Hai un déficit de participantes estranxeiros e é o momento de compartir o espazo, de apostar de verdade pola internacionalización, de escoitar noutros ámbitos o que se fai sobre Galicia. Os lectorados e os centros de estudo que hai espallados polo mundo, así como a semente que dende hai vinte e dous anos deita o *Curso de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e*

españois de fóra de Galicia que en Santiago de Compostela organizan a Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega e a Xunta de Galicia, forxaron unha base moi importante de estudosos dos aspectos máis diversos de Galicia dende a lingua propia do país. Os encontros da AIEG deben apostar por unha presenza máis diversificada de voces e de temas para seguir na liña ascendente que manteñen dende a súa creación. A idea de facer país dende o exterior ten que ir acompañada necesariamente da presenza de todos aqueles que dende fóra contribúen activamente a logralo.

María Dolores VILLANUEVA GESTEIRA
Universidade de Santiago de Compostela